



Coñece as sociedades laborais

XUNTA DE GALICIA

Edita: Secretaría Xeral de Emprego
Consellería de Economía, Emprego e Industria

© Xunta de Galicia
2017. Coñece as sociedades laborais
DL: C 275 - 2017

Esta obra está dispoñible para a súa consulta e descarga na seguinte ligazón:
<https://libraria.xunta.gal/gl/conece-as-sociedades-laborais>

Esta obra distribúese cunha licenza CC-Atribución.CompartirIgual 4.0 España
de Creative Commons.
Para ver unha copia de licenza, visite:
<https://creativecommons.org/licenses/by/4.0/deed.es> ES

AS SOCIEDADES LABORAIS	4
QUE É UNHA SOCIEDADE LABORAL?.....	4
REGULACIÓN LEGAL	4
AS PERSOAS QUE A FORMAN	5
PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS.....	5
PERSOAS SOCIAS DE CLASE XERAL	5
PERSOAS ASALARIADAS	6
DEREITO DE ADQUISICIÓN PREFERENTE	6
O SEU FUNCIONAMENTO	8
ESTATUTOS SOCIAIS	8
ÓRGANOS SOCIAIS.....	9
RÉXIME ECONÓMICO	10
TRÁMITES PARA A SÚA CONSTITUCIÓN.....	12
CERTIFICACIÓN NEGATIVA DE DENOMINACIÓN	12
OUTORGAMENTO DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN.....	12
CUALIFICACIÓN E INSCRICIÓN COMO SOCIEDADE LABORAL.....	13
INSCRICIÓN NO REXISTRO MERCANTIL	13
OUTROS TRÁMITES	14
CUALIFICACIÓN DE SOCIEDADES PREEXISTENTES.....	15
AS MEDIDAS DE APOIO	16
DE CARÁCTER XERAL	16
DE FOMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL.....	16
CAPITALIZACIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO	17
FORMACIÓN, ASESORAMENTO E ACOMPAÑAMENTO.....	17
ENDEREZOS DE UTILIDADE	18

AS SOCIEDADES LABORAIS

QUE É UNHA SOCIEDADE LABORAL?

As sociedades laborais son sociedades de natureza mercantil, anónimas ou de responsabilidade limitada, que contan cun capital social pertencente de xeito maioritario ás súas persoas socias traballadoras.

Estas sociedades anónimas ou sociedades de responsabilidade limitada, para ser consideradas como laborais deben, ademais, cumprir os restantes requisitos esixidos pola Lei de sociedades laborais e participadas e pola Lei de sociedades de capital e solicitar a súa cualificación e inscrición como tales no rexistro administrativo correspondente dependente da Xunta de Galicia.

REGULACIÓN LEGAL

- Lei 44/2015, do 14 de outubro, de sociedades laborais e participadas.
- Real decreto 2114/1998, do 2 do outubro, sobre rexistro administrativo de sociedades laborais.
- Real decreto 1456/1989, do 1 de decembro, sobre traspaso de funcións da Administración do Estado á Comunidade Autónoma de Galicia, en materia de cualificación e rexistro administrativo das sociedades anónimas laborais.
- Real decreto lexislativo 1/2010, do 2 de xullo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de sociedades de capital.
- Real decreto 1784/1996, do 19 de xullo, polo que se aproba o regulamento do Rexistro Mercantil.

AS PERSOAS QUE A FORMAN

PERSOAS SOCIAS TRABALLADORAS

Son aquelas persoas traballadoras que prestan na sociedade laboral os seus servizos retribuídos en forma persoal e directa, con relación laboral por tempo indefinido, e ao mesmo tempo participan no capital da sociedade mediante a propiedade de accións (no caso de sociedades anónimas) ou participacións (no caso de sociedades de responsabilidade limitada).

Como norma xeral, o conxunto das accións ou participacións que sexan propiedade destas persoas socias traballadoras deben representar a maioría do capital social e ningunha persoa socia pode posuír máis da terceira parte del. Por iso a sociedade terá que estar constituída necesariamente por un mínimo de tres persoas socias: dúas persoas socias traballadoras e unha terceira que podería ser tamén traballadora ou persoa socia de clase xeral.

Non obstante, existe a posibilidade de constituír inicialmente a sociedade laboral con tan só dúas persoas socias, que terán que ser obrigatoriamente traballadoras, sempre que tanto o capital social como os dereitos de voto estean distribuídos ao 50%, e coa obriga de adaptarse aos límites indicados no parágrafo anterior nun prazo máximo de 36 meses.

PERSOAS SOCIAS DE CLASE XERAL

Son aquelas que, sen ser persoas socias traballadoras, son propietarias de accións ou participacións da sociedade laboral.

Poderán selo tanto as persoas físicas como as xurídicas, estas últimas tanto públicas como privadas.

O conxunto da participación das persoas socias de clase xeral no capital social debe ser sempre inferior ao 50%.

Como norma xeral ningunha persoa socia de calquera clase pode posuír máis da terceira parte do capital social; non obstante, só para o caso de persoas socias de clase xeral de determinada natureza xurídica (entidades públicas, de participación maioritariamente pública, entidades non lucrativas ou da economía social) a súa participación poderá superar este límite sen alcanzar o 50% do capital social.

PERSOAS ASALARIADAS

As sociedades laborais poden ter persoas traballadoras contratadas que non sexan socias, co seguinte límite:

O número de horas-ano realizadas polas persoas traballadoras contratadas por tempo indefinido que non sexan socias, non poderá ser superior ao 49% do total de horas-ano realizadas polas persoas socias traballadoras.

DEREITO DE ADQUISICIÓN PREFERENTE

Unha das singularidades máis salientables das sociedades laborais é a constituída polo réxime de transmisión de accións ou participacións, que establece un dereito de adquisición preferente co obxecto de fomentar o acceso e permanencia das persoas traballadoras no capital da sociedade.

Así, como norma xeral, a persoa socia que pretenda transmitir “inter vivos” accións ou participacións da sociedade pode facelo libremente a persoas socias traballadoras ou a persoas traballadoras non socias con contratos indefinidos (salvo que nos estatutos da sociedade se estableza o contrario).

No resto de supostos, a transmisión deberá someterse a un procedemento no que a través do órgano de administración se oferta a súa adquisición simultaneamente a todas as persoas interesadas. Recibidas as ofertas de compra, establecerase a seguinte orde de preferencia: en primeiro lugar persoas traballadoras indefinidas non socias, en relación directa á súa antigüidade na empresa. En segundo, persoas socias traballadoras, en relación inversa ao número de accións ou participacións que posúan. En terceiro persoas socias da clase xeral, a prorrata da súa participación no capital social. Por último, á propia sociedade.

Se non se presentan ofertas de compra no prazo previsto, a persoa vendedora poderá transmitir libremente as súas accións ou participacións.

O SEU FUNCIONAMENTO

ESTATUTOS SOCIAIS

Os estatutos sociais complementan a normativa aplicable ás sociedades laborais, sexan anónimas ou de responsabilidade limitada. Neles inclúense aspectos como a denominación, domicilio, actividade, capital social, clases de accións e réxime de funcionamento dos órganos sociais, entre outros.

Para que a sociedade sexa cualificada como laboral, os estatutos deben adaptarse á Lei de sociedades laborais e participadas, e regular, como mínimo, os seguintes aspectos:

- Sometemento expreso á Lei 44/2015, do 15 de outubro, de sociedades laborais e participadas.
- Na denominación da sociedade debe figurar necesariamente a indicación de “Sociedade Anónima Laboral”, “Sociedade de Responsabilidade Limitada Laboral” ou “Sociedade Limitada Laboral”, ou as súas abreviaturas: SAL, SRLL ou SLL, segundo o caso (art. 2 - Lei 44/2015).
- A maioría do capital social debe ser propiedade das persoas traballadoras que presten na sociedade os seus servizos retribuídos en forma persoal e directa, con relación laboral por tempo indefinido (art. 1.2 - Lei 44/2015).
- Réxime de transmisión de accións ou participacións que contemple o dereito de preferente adquisición (art. 6 - Lei 44/2015).
- Número máximo de horas-ano que poden traballar as persoas traballadoras contratadas por tempo indefinido que non sexan persoas socias (art. 1.2.c Lei 44/2015).
- Fondo Especial de Reserva (art. 14 - Lei 44/2015).

Todo isto sen prexuízo das restantes mencións e requisitos que deben cumprir os estatutos destas sociedades mercantís para a súa favorable cualificación e conseguinte inscrición no Rexistro Mercantil correspondente, en particular as establecidas na vixente Lei de sociedades de capital.

ÓRGANOS SOCIAIS

Aínda que a regulación das sociedades anónimas e a das sociedades de responsabilidade limitada non resulta totalmente coincidente neste aspecto, si podemos indicar como notas comúns:

- a existencia dun órgano que elabora e expresa a vontade social denominado xunta xeral, nun caso de accionistas e noutro de persoas socias.
- a atribución das funcións de xestión e representación ao órgano de administración elixido pola xunta xeral e organizado dalgunha das seguintes formas:
 - administrador/a único/a
 - administradores/as solidarios/as
 - administradores/as mancomunados/as
 - consello de administración

Se existe consello de administración, a Lei de sociedades laborais faculta as persoas titulares de accións ou participacións da clase xeral a agrupalas para nomear os seus membros mediante o sistema proporcional regulado na Lei de sociedades de capital, agás que só existan accións ou participacións de clase laboral.

RÉXIME ECONÓMICO

Financiamento

Para formar unha sociedade laboral as persoas socias deben achegar os recursos económicos necesarios para comezar a actividade empresarial, por si mesmas ou por medio doutras fontes de financiamento tanto internas como externas.

Capital social

O capital social estará dividido en accións nominativas ou en participacións sociais. No caso de sociedades anónimas non pode ser inferior a 60 000 €, totalmente subscrito e desembolsado nun 25%, como mínimo; o resto desembolsarase no prazo fixado estatutariamente.

Nas sociedades de responsabilidade limitada o capital non poderá ser inferior a 3 000 € e deberá estar integramente desembolsado.

As accións ou participacións estarán divididas en dúas clases:

- Clase laboral: propiedade das persoas traballadoras que presten na sociedade os seus servizos retribuídos de forma persoal e directa e con relación laboral por tempo indefinido.
- Clase xeral: as restantes.

A maioría do capital social deberá estar constituído por accións ou participacións de clase laboral, e ningunha persoa socia poderá posuír máis do 1/3 do capital social, salvo as excepcións previstas legalmente.

Aplicación dos resultados

Como particularidade na aplicación dos resultados, cómpre resaltar que as sociedades laborais están obrigadas a constituír un Fondo Especial de Reserva, dotado co 10% do beneficio líquido de cada exercicio ata que alcance polo menos unha cifra superior ao dobre do capital social, ademais doutras reservas legais ou estatutarias que procedan.

Este fondo especial só poderá destinarse á compensación de perdas no caso de que non existan outras reservas suficientes para esta finalidade, e á adquisición de autocartera por parte da sociedade co obxecto de facilitar a súa posterior venda a persoas traballadoras non socias con contrato por tempo indefinido.

Beneficios fiscais

Os beneficios fiscais recoñecidos especificamente pola Lei de sociedades laborais e participadas afectan ao Imposto sobre transmisións patrimoniais e actos xurídicos documentados.

Responsabilidade

Con carácter xeral, as persoas socias responden da súa obriga de desembolsar o importe das participacións ou accións subscritas, pero non asumen ningunha responsabilidade persoal polas débedas sociais.

TRÁMITES PARA A SÚA CONSTITUCIÓN

CERTIFICACIÓN NEGATIVA DE DENOMINACIÓN

Débese solicitar certificación de que non figura rexistrada a denominación coa que se pretende constituír a sociedade, que será expedida polo Rexistro Mercantil Central.

A denominación quedará reservada por un prazo de quince meses contados desde a data da certificación. Esta certificación ten unha vixencia de dous meses, para os efectos de outorgamento da escritura de constitución, sen prexuízo de que transcorridos estes se poida solicitar unha nova coa mesma denominación.

OUTORGAMENTO DA ESCRITURA DE CONSTITUCIÓN

Débese outorgar escritura pública de constitución da sociedade, na que deben constar os estatutos sociais, certificado de denominación e demais requisitos establecidos pola normativa mercantil que resulte aplicable.

No outorgamento da escritura débense ter en conta, ademais, as seguintes circunstancias:

- Debe constar expresamente a vontade das persoas outorgantes de fundar unha sociedade laboral.
- Ningunha das persoas socias pode posuír accións ou participacións sociais que representen máis da terceira parte do capital social, salvo as excepcións previstas na lei.

- Se existe consello de administración, o nomeamento debe efectuarse polo sistema proporcional, agás que só existan persoas socias traballadoras.
- Os estatutos sociais deben adaptarse á Lei 44/2015, do 15 de outubro.

CUALIFICACIÓN E INSCRICIÓN COMO SOCIEDADE LABORAL

Unha vez outorgada a escritura de constitución debe solicitarse a cualificación e inscrición como sociedade laboral, así como a emisión do correspondente certificado acreditativo, no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais dependente da Secretaría Xeral de Emprego.

Coa solicitude debe achegarse unha copia autorizada e outra simple da escritura de constitución e o xustificante de pagamento de taxas por servizos administrativos.

O enlace web avsl.xunta.gal permite acceder á Asesoría Virtual de Sociedades Laborais, onde se pode atopar información práctica e modelos de documentación para facilitar a realización deste trámite e outros relacionados coa xestión deste tipo de entidades.

INSCRICIÓN NO REXISTRO MERCANTIL

Unha vez cualificada como laboral a sociedade, deberá solicitarse a súa inscrición no Rexistro Mercantil da provincia correspondente ao seu domicilio social.

Para este trámite resultará necesaria a certificación de que a sociedade foi inscrita no Rexistro Administrativo de Sociedades Laborais.

A sociedade adquirirá personalidade xurídica unha vez inscrita no Rexistro Mercantil.

OUTROS TRÁMITES

Na Delegación ou Administración da Axencia Estatal da Administración Tributaria

- Solicitud do número de identificación fiscal.
- Alta no imposto de actividades económicas (IAE)
- Declaración censal (IVE).

Na Tesourería Xeral da Seguridade Social

- Inscripción da empresa e afiliación das persoas socias traballadoras e asalariadas no réxime que corresponda.
- O encadramento das persoas socias traballadoras das sociedades laborais no sistema de seguridade social está regulado no art. 136 do Real decreto lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei xeral da Seguridade Social.

Na Xefatura Territorial da Consellería de Economía, Emprego e Industria

- Comunicación de apertura do centro de traballo, segundo impreso oficial.

Na Inspección Provincial de Traballo e Seguridade Social

- Sellar o libro de visitas.

No concello

- Licenzas de apertura, licenzas de obra etc.

No Rexistro da Propiedade Inmobiliaria

- Inscripción de bens inmobles, se é o caso.

No Rexistro da Propiedade Industrial

- Inscripción de nomes comerciais, patentes, marcas, deseños industriais, modelos de utilidade e rótulos.

Dilixenciado de libros

- Os libros sociais e contables deben ser dilixenciados polo Rexistro Mercantil da provincia do domicilio social da entidade, conforme o previsto na normativa específica.

CUALIFICACIÓN DE SOCIEDADES PREEXISTENTES

No suposto de sociedades preexistentes, tamén poderá solicitarse a cualificación como sociedade laboral e a inscrición no rexistro administrativo correspondente, achegando os seguintes documentos:

- Copia autorizada e simple da escritura de constitución.
- Copias autorizadas e simples das escrituras de modificacións de estatutos, de ser o caso.
- Certificación literal do Rexistro Mercantil dos asentos vixentes da sociedade.
- Certificacións do acordo da xunta xeral, favorable á cualificación de sociedade laboral, e da titularidade do capital social resultante do libro rexistro de accións nominativas ou de persoas socias correspondente.
- Copia autorizada e simple da escritura, pola que se eleve a público o acordo da xunta xeral e as modificacións dos estatutos que fosen precisas para adaptarse á Lei de sociedades laborais.
- Documentos acreditativos das cotizacións á seguridade social das persoas socias traballadoras e asalariadas.

Unha vez cualificada e inscrita a sociedade como laboral, deberá solicitarse a inscrición da escritura de adaptación de estatutos ante o Rexistro Mercantil competente, acompañada da preceptiva certificación da cualificación como laboral.

AS MEDIDAS DE APOIO

DE CARÁCTER XERAL

As sociedades laborais, como calquera outra empresa, teñen acceso ao réxime de subvencións, axudas, bonificacións e calquera outra medida de apoio económico establecida polas administracións públicas.

De xeito orientativo pódese indicar que, en Galicia, unha gran parte destas medidas de apoio están canalizadas a través do IGAPE (Instituto Galego de Promoción Económica).

DE FOMENTO DO EMPREGO EN EMPRESAS DE ECONOMÍA SOCIAL

Anualmente a Consellería de Economía, Emprego e industria convoca axudas e subvencións, co obxecto de contribuír á creación ou mantemento de postos de traballo en sociedades laborais.

A orde de convocatoria establece anualmente as condicións e requisitos das distintas axudas, entre as que se atopan as axudas ás sociedades laborais que incorporen persoas socias traballadoras ou as subvencións ás persoas que teñan que achegar o capital social para adquirir a condición de persoa socia traballadora.

CAPITALIZACIÓN DA PRESTACIÓN POR DESEMPREGO

Outra medida de apoio ao fomento do emprego, a través de sociedades laborais, consiste na posibilidade de que as persoas desempregadas perceptoras da prestación contributiva por desemprego, perciban dunha soa vez o importe total do valor da prestación; sempre que se incorporen a unha sociedade laboral e coa finalidade de destinar a cantidade percibida á capitalización necesaria para a realización da actividade.

As condición e requisitos establécense na correspondente normativa reguladora e as solicitudes deben realizarse, con carácter previo ao inicio da actividade, ante a oficina de emprego correspondente.

As persoas beneficiarias deste pagamento único da prestación por desemprego tamén poderán solicitar a correspondente axuda de aboamento de cotas da seguridade social.

FORMACIÓN, ASESORAMENTO E ACOMPAÑAMENTO

A Consellería de Economía, Emprego e Industria e as entidades colaboradoras da Rede Eusumo para o fomento do cooperativismo e a economía social dispoñen de programas específicos e gratuítos para o desenvolvemento de actividades de divulgación, formativas, de apoio e asesoramento a grupos promotores e a sociedades xa constituídas.

ENDEREZOS DE UTILIDADE

Xunta de Galicia

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA

SECRETARÍA XERAL DE EMPREGO

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 544 666
emprego.ceei.xunta.gal

REXISTRO SOCIEDADES LABORAIS

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15781 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 957 746
registro-sociedadeslaborais@xunta.gal
avsl.xunta.gal

XEFATURA TERRITORIAL DA CORUÑA

Rúa Vicente Ferrer, 2.
15071 A Coruña
Teléfono: 981 184 901

XEFATURA TERRITORIAL DE LUGO

Ronda da Muralla, 70.
27071 Lugo
Teléfono: 982 294 650

XEFATURA TERRITORIAL DE OURENSE

Rúa Curros Enríquez, 1, 4º.
32071 Ourense
Teléfono: 988 386 710

XEFATURA TERRITORIAL DE PONTEVEDRA (SERVIZO VIGO)

Rúa Concepción Arenal, 8-2º.
36201 Vigo
Teléfono: 986 817 550

IGAPE

Edificio Administrativo San Lázaro, s/n
15703 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 541 147
www.igape.es

REDE EUSUMO

Rede Eusumo

info@eusumo.gal
www.eusumo.gal

REXISTROS MERCANTÍS

REXISTRO MERCANTIL CENTRAL

Rúa Príncipe de Vergara, nº 94. 28006 Madrid
Teléfonos: 902 884 442/ 91 745 41 31

REXISTRO MERCANTIL DA CORUÑA

Rúa Novoa Santos, 5-7-9, 1ª planta. 15006 A Coruña
Teléfono: 981 171 613

REXISTRO MERCANTIL DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

Praza da Constitución, s/n. 15702 Santiago de Compostela
Teléfono: 981 561 693

REXISTRO MERCANTIL DE OURENSE

Avda. de La Habana, 4, 1º dereita. 32003 Ourense
Teléfono: 988 511 718

REXISTRO MERCANTIL DE LUGO

Praza de Santo Domingo, 24, 3º. 27001 Lugo
Teléfono: 982 228 754

REXISTRO MERCANTIL DE PONTEVEDRA

Rúa Eduardo Pondal, 68, baixo. 36003 Pontevedra
Teléfono: 986 847 244

REXISTRO MERCANTIL DE VIGO

Rúa Real, 31, 3º. 36201 Vigo
Teléfono: 986 229 385

galicia



eusumo
Cooperativismo e Economía Social

info@eusumo.gal
www.eusumo.gal



**XUNTA
DE GALICIA**